


# Programa de Turismo del Imsero 2016/2017



Está aberto o prazo para *solicitar praza no programa de Turismo del Imsero temporada 2016/2017*

## **Requisitos:**

- Ser titular ou beneficiario do Sistema da Seguridade Social con 65 anos cumpridos.
- Ser pensionistas de xubilación do Sistema Público de pensións.
- Pensionistas por outros conceptos, ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, en todos os casos con 60 anos cumpridos.
- Ser pensionista de viuvez con 55 anos cumpridos.

Os/as cónxuxes ou parellas de feito, non precisan reunir os requisitos de idade ou pensión. Así mesmo, se admitirá como acompañante a un/unha fillo/a con discapacidade cun grao igual ou superior o 45 %; deberá valerse por si mesmo e non padecer alteracións de comportamento que lle impidan a normal convivencia nos hoteis.

- Destinos:**
- **Opción A:** Zona Costeira Peninsular.
  - **Opción B:** Zona Costeira Insular e Turismo de Interior.

**Prazo:** Ata o día **17 de xuño do 2016** nas dependencias dos Servizos Sociais do Concello, para máis información poderán chamar o teléf.: **981 73 70 04**. Tamén poderán facer a solicitude **on line** a través da Sede Electrónica do Imsero: <https://sede.imsero.gob.es>

Camariñas, 30 de maio de 2016

**A concelleira de Servizos Sociais e Igualdade,**

Sandra Insua Rial